

D I T A M E

Ditame
2/06

sobre o anteproxecto de
Lei de creación
do colexio profesional de
Enxeñería en Informática
de Galicia



■ ANTECEDENTES

1.- En data 21 de decembro tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia, remitindo, para o seu preceptivo ditame, o borrador do anteproxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado, o 22 de decembro, ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, nesa mesma data, da entrada da solicitude de ditame.

3.- Con data 27 de decembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o 9 de xaneiro, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 4/06, acorda aprobar por unanimidade a proposta de ditame, con data 26 de xaneiro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que, na súa sesión 1/06, do 6 de febreiro, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia.

■ ESTRUCTURA E CONTIDO

O anteproxecto sometido a ditame está estruturado nunha exposición de motivos, tres artigos (titulados, respectivamente, obxecto, ámbito territorial e ámbito persoal), unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

O obxecto do anteproxecto de Lei sometido a ditame é a creación do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia, que foi solicitada conxuntamente pola Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática de Galicia e a Delegación en Galicia da Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática, e terá como fins garantir que esta profesión se axuste ás normas e regras que aseguren tanto a eficacia como a eventual responsabilidade en tal exercicio, e, polo tanto, queda así garantida a derradeira finalidade, que é a protección dos dereitos dos cidadáns.

■ CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES considera necesario reiterar a consideración feita no seu dictame 4/00 sobre o Anteproxecto de Lei de Colexios profesionais da Comunidade autónoma de Galicia, na que se sinalaba que:

“O Consello Económico e Social de Galicia manifesta as súas reservas sobre a necesidade da existencia de entes (distintos das asociacións ou sindicatos) representativos de intereses profesionais, que, co carácter de corporacións de dereito público, se constitúen para defender os intereses dunha determinada profesión e ós que se lles asignan finalidades de interese público, que poderían ser exercidas pola Administración”.

2.- Considerando a evolución da normativa dos Colexios Profesionais, a Lei 7/1997, de 14 de abril, sobre Medidas Liberalizadoras en Materia de Suelos y de Colegios Profesionales, establece que as Comunidades Autónomas garantan que o exercicio de “profesións colexiadas” se realizará en réxime de libre competencia e estarán suxeitas, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, como calquera outro subsector económico, á Lei sobre Defensa da Competencia, á Lei sobre Competencia Desleal e ó sometemento á xurisdicción do Tribunal de Defensa da Competencia. O R.D. Lei 6/2000, de 23 de junio, liberaliza o ámbito territorial dos Colexios.

En ningunha normativa se establece as “profesións colexiadas”, nas que é obrigatoria a incorporación ao correspondente colexio para exercer a profesión porque realizan funcións que teñen que ver con finalidades de interese público.

O CES considera que, en defensa do libre exercicio da profesión e en cumprimento da defensa da competencia (con respecto as profesións nas que para o seu exercicio é necesario estar colexiado), a obrigatoriedade de colexiación debería suprimirse ou, en todo caso, ser excepcional.

3.- No Anteproxecto de Lei sometido a ditame expónse como un dos motivos da creación do colexio profesional de enxeñeiros en informática de

Galicia, a importancia da informática na protección de datos contidos en ficheiros informáticos. O CES considera que esta xustificación non é suficiente para a creación dun colexio profesional xa que, en todo caso, tódolos traballadores técnicos, administrativos e todos aqueles traballadores que manexen bases de datos están obrigados ao cumprimento da Lei de protección de datos.

4.- Consecuentemente coas anteriores observacións, o CES amosa a súa inquietude pola crecente proliferación de colectivos profesionais que, baseándose en razóns de interese público non demostradas de maneira indubidable e que conlevan unha obrigatoriedade de colexiación na maioría das veces excluín-te, pretenden a creación de colexios profesionais para a defensa de intereses sectoriais alleos ao interese público xeral e que poden acadarse mediante vías distintas á colexiación, tales como as asociativas ou as sindicais.

En aras a lograr unha desexable clarificación destes extremos, o CES considera conveniente que, previamente á tramitación da presente Lei e das que no sucesivo poideran plantexarse, o executivo galego, facendo uso da autorización que lle outorga a Disposición derradeira primeira da Lei 11/2001, do 18 de setembro, concretase, en vía de desenvolvemento regulamentario, as profesións que, por razóns de interese público, poden ser susceptibles de acceder ao recoñecemento da colexiación, así como que se avance na resolución das diferentes eivas e dúbidas que estas normas plantexan.

■ CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O apartado 1 do artigo 3 do anteproxecto de Lei sometido a ditame do Consello Económico e Social de Galicia regula as titulacións que poderán integrarse no Colexio profesional de enxeñeiros en informática de Galicia.

O CES entende que debería darse unha marxe de tempo non só na adaptación ás titulacións que se especifican no anteproxecto de Lei, senón tamén, noutras titulacións que ata o de agora están relacionadas co ámbito da informática como é o caso dos enxeñeiros de telecomunicacións

2.- O apartado 2 do artigo 3 do anteproxecto de Lei obxecto de ditame expón como requisito para o exercicio da profesión a incorporación ao colexio profesional cando o domicilio profesional único ou principal radique na Comunidade Autónoma de Galicia.

O CES entende que a mención: “*Será requisito para exercer a profesión (...)*” podería explicitar a obrigatoriedade da colexiación, obrigación coa que, tal como se reflicte na consideración xeral número 2 deste ditame, non está de acordo o CES.

O Consello Económico e Social de Galicia considera que se debería clarear esta expresión, xa que podería suscitar dúbidas, máis cando quedan exceptuados os informáticos que traballen para as Administracións Públicas.

3.- O CES considera que, dado a recente implantación da licenciatura e diplomatura en informática en Galicia, debería establecerse un prazo para que aqueles profesionais doutras licenciaturas ou diplomaturas que estean desenvolvendo as súas actividades no campo da informática teñan a posibilidade de incorporarse ao colexio profesional correspondente.

4.- A disposición adicional na que se regula a excepción da incorporación obrigatoria ao Colexio profesional de Enxeñería en Informática de Galicia dos profesionais titulados vinculados coa Administración pública está

suscitando controversia en especial no referente a interpretación do “destinatario inmediato”.

Establécese a libre colexiación, pero non queda claro si só se reduce ao ámbito administrativo, é dicir, cando o destinatario inmediato da actividade que desempeña o profesional sexa a Administración. Plántexase a discusión sobre qué se debe entender por destinatario inmediato cando se está regulando a profesionais deste ámbito.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 25 de febreiro do ano 2002, dictada en relación cos profesionais laborais ou estatutarios do Sergas, pode tomarse como referencia para o resto dos profesionais que prestan servizos para a Administración, ben sexa como funcionarios ou como persoal laboral, xa que en ámbolos dous casos existe relación de dependencia coa Administración pública, e sempre que esta relación de prestación de servizos o sexa con carácter de exclusividade. Pero na opinión do CES, coa redacción actual da Lei, non queda claro cal debe ser a interpretación correcta desta disposición adicional.

O CES entende que a excepción dos profesionais vinculados coa Administración pública incide máis, aínda, no permanente debate que existe en torno a obrigatoriedade da colexiación, obrigatoriedade que a propia Lei axuda a cuestionar.

Por estas razóns, o CES propón eliminar a frase “...cando o destinatario inmediato daquelas sexa esa administración” que figura na parte final de dita disposición adicional.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2006

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano

ANEXO

ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑERÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Informática foi constituíndose, ó longo das últimas décadas, como un rama de importancia crecente e independente. Nace como disciplina académica, en 1969 coa creación do Instituto de Informática, baixo a dependencia do Ministerio de Educación e Ciencia, ó considerarse que para o correcto exercicio profesional era preciso a obtención previa de formación técnica e profesional.

A través do Decreto 327/1976, de 26 de febreiro, establécese a necesidade de que as ensinanzas en Informática se desenvolvan a través da Educación Universitaria e da Formación Profesional. O Real Decreto 1459/1990, de 26 de outubro, estableceu o título universitario oficial de Enxeñería en Informática e aprobou as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes a súa obtención. Posteriormente o título de Licenciado/a en Informática foi homologado ó de Enxeñeiro/a en Informática polo Real Decreto 1954/1994, de 30 de setembro.

As ensinanzas que se cursan para a obtención do título oficial procuran unha formación adecuada nas bases teóricas e nas tecnoloxías propias de esta enxeñería.

A Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática de Galicia e a Delegación en Galicia da Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática presentaron unha solicitude conxunta para a creación do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 150.2 da Constitución Española, a Lei Orgánica 16/1995, de 27 de decembro, de transferencias de competencias á comunidade autónoma galega, transfire no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real Decreto 1643/1996, do 5 de xullo e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia dictou en virtude da devandita competencia a Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 11 a creación de colexios profesionais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, farase por lei do Parlamento galego.

A importancia da informática en canto aplicación para o mellor desenvolvemento da calidade de vida, a súa influencia e importancia nas transaccións económicas, na firma electrónica, na protección de datos contidos en ficheiros informáticos e noutras moitas aplicacións en campos tan relevantes como o da medicina, fan que quede xustificado o interese público que se esixe para a constitución dun colexio profesional.

Coa creación do colexio profesional de Enxeñería en Informática de Galicia garantirase que o exercicio desta profesión se axuste ás normas e regras que aseguren tanto a eficacia como a eventual responsabilidade en tal exercicio, e polo tanto queda así garantida a derradeira finalidade que é a protección dos dereitos dos cidadáns.

Por todo o exposto, considérase oportuna e necesaria a creación deste colexio profesional, logo da apreciación por parte do Goberno autonómico do interese público, respecto das actividades profesionais que engloba a enxeñería en informática nas que o seu exercicio esta condicionado á posesión do título

oficial de Licenciado/a ou Enxeñeiro/a en Informática, que acredita a cualificación e habilita legalmente para o seu exercicio.

A lei divídese nunha exposición de motivos, tres artigos titulados respectivamente: obxecto, ámbito territorial, ámbito persoal; unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias e unha disposición derradeira.

Artigo 1º.- Obxecto.

Créase o Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia, como corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia, e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins dende o momento no que se constitúan os seus órganos de goberno.

Artigo 2º.- Ámbito territorial.

O ámbito de actuación do colexio é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.- Ámbito persoal.

1. Poderán integrarse no Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia todos aqueles que estean en posesión do título de Licenciado/ ou Enxeñeiro/a en Informática, obtido de conformidade co disposto no Real Decreto 1459/1990, de 26 de outubro, e no Real Decreto 1954/1994, de 30 de setembro, ou título estranxeiro equivalente debidamente homologado.

2 . Será requisito para exercer a profesión de enxeñería en informática no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a incorporación ó Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia cando o domicilio profesional único ou principal radique nesta Comunidade Autónoma.

Disposición adicional.

Quedan exceptuados da incorporación obrigatoria ó Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia, os profesionais titulados vinculados coa administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral, para o exercicio de funcións puramente administrativas nin para a realización de actividades propias da correspondente profesión por conta da administración á que pertencen, cando o destinatario inmediato daquelas sexa esa administración.

Disposición transitoria primeira.

A Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática de Galicia e a Delegación en Galicia da Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática designarán unha Comisión Xestora que, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, aprobará uns estatutos provisionais do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia. Nos citados estatutos deberá regularse a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, da que formarán parte todos os profesionais que, conforme ó disposto na presente lei, poidan adquirir a condición de colexiados.

A convocatoria da asemblea constituínte deberá anunciarse, como mínimo, con vinte días de antelación no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais dos de maior difusión de Galicia.

Disposición transitoria segunda.

1. A Asemblea Constituínte, no prazo de seis meses dende a aprobación dos estatutos provisionais, elaborará e aprobará os estatutos definitivos do Colexio Profesional de Enxeñería de Informática de Galicia e elixirá ós membros dos órganos colexiais de goberno.

2. Os devanditos estatutos, logo de seren aprobados, xunto coa acta da asemblea constituínte, remitiránelles á consellería competente en materia de colexios profesionais para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación da súa legalidade, aprobación que será competencia do Consello da Xunta de Galicia, publicándose no Diario Oficial de Galicia o decreto aprobatorio e os correspondentes estatutos.

Disposición derradeira

Esta Lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

